

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 21 DE XUÑO DE 2022

PRESIDENTE:

O alcalde, D. Óscar A. García Patiño

ASISTENTES:

D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez
D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto
D. Daniel Mallo Castro
D.^a María Dolores Pan Lesta
D. Diego Alcantarilla Rei

NON ASISTEN:

D. Juan González Leirós
D.^a Elisa Pestonit Barreiros

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas e catro minutos do día vinte e un de xuño do ano dous mil vinte e dous, réunese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Óscar A. García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez, D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, D. Daniel Mallo Castro, D.^a María Dolores Pan Lesta e D. Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten á sesión o Sr. concelleiro D. Juan González Leirós e a Sra. concelleira D.^a Elisa Pestonit Barreiros.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 14 DE XUÑO DE 2022

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 14 de xuño de 2022, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 14 de xuño de 2022.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Resolución núm. 2022/27837 da Presidencia da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión provisional de subvencións correspondentes ao programa F0221: Convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para o apoio ao desenvolvemento de festivais

audiovisuais, musicais e de artes escénicas na provincia da Coruña, durante o ano 2022. BOP núm. 113 do 15-05-2022.

- Lei 9/2022, do 14 de xuño, da Xefatura do Estado, de calidade da arquitectura. BOE núm. 142 do 15-06-2022.
- Resolución do 2 de xuño de 2022, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades -Dirección Xeral de Cultura-, pola que se dá publicidade das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 31 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, para a adquisición de novidades editoriais (programa A) e para a mellora de coleccións no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (programa B), ambas en formato físico, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento CT235A). DOG núm. 116 do 17-06-2022.
- Resolución do 6 de xuño de 2022, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes -Dirección Xeral de Emerxencias e Interior-, pola que se acorda outorgar o distintivo de permanencia ao persoal dos distintos corpos de Policía local dos concellos de Galicia. DOG núm. 118 do 21-06-2022.
- Orde do 7 de xuño de 2022, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións destinadas ao fomento da prevención, reutilización e recollida en proximidade de residuos municipais, cofinanciadas polos fondos do Programa de economía circular e do Plan de impulso ao ambiente-PIMA residuos, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para os anos 2022 e 2023 (código de procedemento MT975N). DOG núm. 118 do 21-06-2022.

3.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN

3.1. INCOACIÓN DA RESOLUCIÓN DO CONTRATO MENOR CORRESPONDENTE Á “DESCRIPCIÓN TÉCNICA PARA A AMPLIACIÓN E DESMONTE DE MURO PERIMETRAL EN BREXO (POUSADOIRA), CAMBRE”, ADXUDICADO Á EMPRESA “OCISAT, S.L.” NO PREZO DE 8.000,00 EUROS SEN IVE (9.680,00 EUROS IVE INCLUÍDO). EXPEDIENTE NÚM. 2021/C002/000055

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 15 de xuño de 2022 (CVD: 2mhM1u79UHjS9FPzp5dD), relativa á incoación da resolución do contrato menor, expediente núm. 2021/C002/000055, correspondente á “Descrición técnica para a ampliación e desmonte de muro perimetral en Brexo (Pousadoira), Cambre”, que transcrita di:

«PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día nove de novembro de dous mil vinte e un, fóra da orde do día e logo da declaración de urxencia aprobada por unanimidade dos seis concelleiros que asistiron á sesión adoptou o seguinte acordo: «B) Proposta de adxudicación do contrato menor correspondente á “Descrición Técnica para a Ampliación e desmonte de muro perimetral en Brexo (Pousadoira), Cambre” á empresa “OCISAT, S.L.” no prezo de 8.000,00 euros sen IVE, 9.680,00 euros IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000055.

Visto que con data de 2 de maio de 2022 emítese informe polo responsable do contrato, que literalmente se transcribe a

continuación:

"1. Con fecha 09/11/2021, la Xunta de Goberno Local adjudicó el contrato menor correspondiente a la Descripción Técnica "AMPLIACIÓN DEL DESMONTE Y MURO PERIMETRAL EN BREXO (Pousadoira), Cambre.", a la empresa OCISAT, S.L., en el precio de 9.680,00 € (iva incluido).

2. Posteriormente, desde mediados del mes de noviembre de 2021, tanto el Encargado de Obras Municipal, como yo mismo o la propia empresa adjudicataria de la Coordinador de Seguridad y Salud de las obras municipales para el periodo 2021-2022, no fuimos capaces de ponernos en contacto con dicha empresa, ni telefónicamente ni mediante correo electrónico; situación que se mantiene en la actualidad.

3. Por lo tanto, a día de hoy, no ha sido posible firmar el Acta de Comprobación del Replanteo de las obras, cuyo plazo según el art. 237 la Ley 9/2017 de Contratos del Sector Público (LCSP) era de 1 mes desde la formalización del contrato; no se ha redactado por parte de la empresa adjudicataria, el necesario Plan de Seguridad y Salud; y no se han podido iniciar las propias obras, cuyo plazo de ejecución ascendía a 1 mes.

3. A la vista de lo anterior, y en virtud del art. 211.d) de la Ley 9/2017 de Contratos del Sector Público, se propone:

- Resolver el contrato menor vinculado al expediente 2021/C002/000055 adjudicado a la empresa OCISAT, S.L., en el precio de 9.680,00 € (iva incluido) para la ejecución de las obras incluidas en la Descripción Técnica "AMPLIACIÓN DEL DESMONTE Y MURO PERIMETRAL EN BREXO (Pousadoira), Cambre.", por incumplimiento de los plazos establecidos para la firma del acta de replanteo, e inicio de los trabajos".*

Visto o informe proposta emitido pola secretaria accidental con data de 15 de xuño de 2022.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: De conformidade co establecido nos artigos 190, 193 e 211.1 d), parágrafo segundo, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, incoar expediente para a resolución do contrato menor correspondente á "Descrición Técnica para a Ampliación e desmonte de muro perimetral en Brexo (Pousadoira), Cambre", adxudicado á empresa "OCISAT, S.L." no prezo de 8.000,00 euros sen IVE, 9.680,00 euros IVE incluído (expediente número 2021/C002/000055), mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día nove de novembro de dous mil vinte e un, con base no seguinte motivo:

A demora inxustificada na comprobación do replanteo, segundo o artigo 245.1.a) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Segundo: Conceder audiencia ao contratista polo prazo de **dez días naturais** a contar dende o seguinte ao do envío da notificación da presente resolución, para que poida alegar e presentar os documentos e xustificacións que estime pertinentes.

Terceiro: Notificar os anteriores acordos á entidade adxudicataria, facéndolle saber que por tratarse dun acto de trámite non cabe recurso, todo isto de acordo cos artigos 114 e concordantes da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Cuarto: Notificar aos Departamentos de Urbanismo e Intervención Municipais, para os efectos oportunos.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 15 de xuño de 2022 (CVD: 2mhM1u79UHjS9FPzp5dD), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

3.2. DESESTIMACIÓN DA SOLICITUDE DE REVISIÓN/ACTUALIZACIÓN DOS PREZOS CO IPC DA OFERTA (DESDE O MES DE XANEIRO DE 2017 A DECEMBRO DE 2021) CON MOTIVO DA CONTINUIDADE NA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MANTENIMENTO DE ZONAS AXARDINADAS DO TERMO MUNICIPAL DE CAMBRE, FORMULADA POR "LEGAMO INFRAESTRUCTURA URBANA, S.L."

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 15 de xuño de 2022 (CVD: 4JQMrB5esc82rJr//6Lc), relativa á desestimación da solicitude formulada por "Legamo Infraestructura Urbana, S.L.", de revisión/actualización dos prezos co IPC da oferta, polo servizo de mantemento de zonas axardinadas do termo municipal de Cambre, que transcrita di:

«PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Vista a solicitude formulada pola empresa Legamo Infraestructura Urbana, S.L. con data 31.12.2021 e número de rexistro de entrada 202199900007095, da revisión de prezos do contrato en función do IPC.

Visto o informe emitido pola Intervención e a Secretaría Municipais, que literalmente se transcribe e seguir:

"I.- ANTECEDENTES

1.- Dase traslado pola Secretaría municipal do expediente 2022/X999/000005, relativo á solicitude formulada pola empresa Legamo Infraestructura Urbana, S.L. con data 31.12.2021 e número de rexistro de entrada 202199900007095, da revisión de prezos do contrato en función do IPC:

"(...) SOLICITO que, tendo por presentado este escrito, xunto coa documentación que o acompaña, sírvase admitilo e, na súa virtude:

a) Acórdese a aprobación da revisión ou actualización de prezos das anualidades desde xaneiro do 2017 a decembro de 2021; procedentes da prestación do servizo con motivo da continuidade na prestación do contrato de mantemento de zonas axardinadas do termo municipal de Cambre nos termos expostos no corpo deste escrito, débeda que ascende a:

1) 82.494,85 euros en concepto de revisión ou actualización de prezos das anualidades de xaneiro do 2017 ata decembro de 2021, segundo cadro achegado actualizado de data decembro 2021, sen prexuízo dos intereses de demora devindicados ata o seu efectivo pago.

2) Procédase ao cumprimento das referidas obrigacións económicas mediante o pago das cantidades anteriormente referenciadas"

Se adjunta al mismo, entre otros, los siguientes documentos:

- Documento número 4: Certificado de fecha 11 de mayo de 2020, en virtud de Resolución de Alcaldía número 1323/2019, de fecha 1 de julio de 2019, la Secretaria del Concello de Cambre, Dña. María Luisa De la Red Ampudia, emite certificado de buena ejecución correspondiente a las anualidades de 2015-2019.
- Documento número 5: Cálculo del incremento de IPC de enero 2017 a diciembre 2021.

2.- Informe do enxeñeiro de camiños municipal - xefe da Sección Servizos de data 12.04.2022, no que constan os antecedentes da contratación habida, co prestador de servizos solicitante da revisión de prezos, entre outros, os que se detallan a seguir:

«Con fecha 25 de agosto de 1995 se firma contrato administrativo con Viveros de Orto, S.L. para la prestación del servicio de mantenimiento de las zonas ajardinadas del municipio de Cambre con duración hasta el 31 de diciembre de 1999 que incluye un total de 28.876 m2 por el importe de 15.708.545 pts.

Por acuerdo plenario de fecha **29 de abril de 1999 se modificó el contrato** firmado con fecha 25 de agosto de 1995 para incluir el mantenimiento de las zonas ajardinadas de la Barcala, suponiendo un total de 60.876 m2 por importe de 26.304.364 pts.

Con fecha 2 de junio de 1999 se redacta un nuevo pliego para iniciar nueva licitación (sin que ésta concluyese en adjudicación) en el que se incluye una superficie a mantener de 56.124 m2 por un importe de 26.304.364 pts.

Con fecha 22 de agosto de 2002, mediante providencia del Alcalde, Antonio Varela Saavedra, se solicita a los servicios técnicos y jurídicos municipales que informen sobre los efectos que tendría la adjudicación del expediente de referencia y al ingeniero de caminos municipal que informe sobre las facturas presentadas desde el mes de diciembre de 1999 en relación a metros cuadrados y precios.

Mediante providencia del Alcalde en funciones, Augusto Rey Moreno, de fecha 7 de junio de 2003, se solicita al Departamento de Servicios Municipal, que emitan informe al respecto del coste mensual actualizado y de las prescripciones técnicas aplicables al mantenimiento actual de dichas zonas ajardinadas.

Por resolución nº 148 de fecha 20 de febrero de 2004 del Concejal Delegado del Área de Infraestructuras, Transportes, Seguridad Ciudadana y Protección Civil, Augusto Rey Moreno, se acuerda que la empresa Orto Parques y Jardines, S.L., realice la prestación del servicio del mantenimiento de las zonas ajardinadas del ayuntamiento de Cambre, por un importe de 0,22 euros/m2 por mes y una superficie de 106.887 m2, lo que representa 23.515,14 euros al mes, IVA incluido.

Con fecha 15 de abril del 2008 se redacta un nuevo Pliego de Prescripciones Técnicas Particulares por parte de la Ingeniera Técnica de Obras Públicas Municipal que motiva el inicio del expediente de contratación 08/13-9 CON.ASIST.SERV.

Por resolución de Alcaldía 2331/2009, de 23 de diciembre de 2009, se declara desierto el concurso, con número de expediente 08/13-9 CON.ASIST.SERV., para la contratación del servicio de mantenimiento de zonas verdes del T.M. de Cambre.

Vista la providencia del Concejal Delegado de Transportes, Movilidad y Patrimonio de fecha 23 de abril de 2010, José Francisco Parceró Rial, con fecha 18 de mayo de 2010 se redacta un nuevo pliego de prescripciones técnicas particulares por la ingeniera técnica de obras públicas municipal para que iniciar a la mayor brevedad posible una nueva licitación del mantenimiento de las zonas verdes del término municipal de Cambre.

Así mismo, con fecha 4 de febrero de 2011 y número de registro de entrada 1012, el Concejal Delegado de Transportes, Movilidad y Patrimonio, José Francisco Parceró Rial, solicita a Orto Parques y Jardines, S.L., que proceda al mantenimiento y conservación de la plaza Manuel LUGRÍS, con una superficie de 2019,51 m2, por un importe total de 541,63 €, IVA añadido.

Visto el escrito presentado por la empresa Orto Parques y Jardines, S.L. con fecha del 21 de enero de 2011 y número de registro 1088, en el que comunican que a partir de enero de 2011 el importe del contrato se incrementará en un 3% de acuerdo a la subida del IPC durante el año 2010, el Concejal Delegado del Área de Medio Ambiente, Obras y Servicios, Henrique Xabier Iglesias Oviedo, solicita mediante providencia, a los departamentos de intervención y secretaría, que informen al respecto.

Resultando que los informes emitidos por ambos departamentos resultan contradictorios, el Concejal Delegado del Área de Medio Ambiente, Obras y Servicios, Henrique Xavier Iglesias Oviedo, da traslado de la documentación al Departamento de Secretaría, mediante providencia de 28 de febrero de 2011, para que resuelva sobre la procedencia o no de estimar la petición.

Con fecha de 31 de marzo de 2011, el Concejal Delegado del Área de Medio Ambiente, Obras y Servicios, Henrique Xavier Iglesias Oviedo, dicta providencia en la que resuelve estimar la petición formulada por Orto

Parques y Jardines, S.L. de incrementar un 3% el importe de los trabajos de mantenimiento de las zonas verdes, de acuerdo con la subida del IPC durante el año 2010.

Con fecha 28 de junio de 2011 se da traslado al Concejel Delegado de Régimen Interior, Patrimonio y Contratación, Felipe Andreu Barallobre, de la providencia dictada por el Concejel Delegado de Obras y Servicios, Manuel Marante Gómez, mediante la que se solicita se inicien los trámites para proceder a la licitación del servicio de mantenimiento de zonas verdes.

Con fecha 7 de diciembre de 2011, por la Técnica de Gestión de Administración General se solicita que se complemente el Pliego de Prescripciones Técnicas Particulares redactado con fecha 18 de mayo de 2010.

Con fecha 23 de diciembre de 2011 y 15 de febrero de 2012 se da traslado a la Técnica de Gestión de Administración General del Pliego de Prescripciones Técnica Particulares completado y de la propuesta de contratación externa.

El Concejel Delegado de Régimen Interior, Patrimonio y Contratación, Felipe Andreu Barallobre, dicta providencia de fecha 16 de marzo de 2012 en la que se establece que con carácter previo a la firma de la resolución de inicio del expediente, se detecta un error en el Pliego de Prescripciones Técnicas, consistente en la inclusión de superficies a mantener que corresponden a titularidad privada, como son, por ejemplo, las referidas a la Iglesia y cementerio de Brexo (con un total de 1.505,32 m2 de superficie de césped), y del cementerio de Andeiro, (con un total de 1.5371,30 m2 correspondientes al cementerio y a su ampliación), por lo que se devuelve el Pliego de Prescripciones Técnicas a la Sección de Servicios para que se proceda a la comprobación sobre el terreno y a la vista de los datos que constan en los registros municipales (inventarios de bienes y caminos, datos catastrales), de las zonas y superficies a incluir dentro del contrato de mantenimiento de las zonas verdes de Cambre.

El Concejel Delegado del área de Obras y Servicios, Manuel Marante Gómez, dicta providencia en fecha 29 de marzo de 2012 en la que se establece que en la Sección de Servicios no se dispone de ningún documento definitivo aprobado por la Corporación, que determine la titularidad de los bienes y caminos, por lo que existe la posibilidad de que alguna de las zonas incluidas no sea municipal. Problema por otra parte, que puede existir no sólo en lo que respecta a la contratación del servicio de mantenimiento de zonas verdes sino para cualquier tipo de actuación municipal, por lo que se da traslado del Pliego de Prescripciones Técnicas al Departamento de Secretaría para que sea emitido un informe al respecto de la titularidad pública o privada de las zonas incluidas en el mismo.
(...))»

II.- NORMATIVA APLICABLE.

- Lei 13/1995, de 18 de mayo, de contratos das administracións públicas. (LCAP)
- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público
- Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público
- Lei 47/2003, de 26 de novembro, xeral orzamentaria
- Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española,
- Real Decreto 55/2017, de 3 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española.

III.- CONSIDERACIONES.

PRIMEIRO: Estando ante un suposto de contrato non só finalizado con data 31 de decembro de 1999, segundo o contrato administrativo asinado con Viveros de Orto S.L. co CIF B15141054, senón respecto ao que tramitado un novo expediente de licitación (2008/13-9 CON.ASIST.SERV), este houbo de finalizar coa declaración de deserto, nin o Concello de Cambre nin a entidade axudicataria contan cun prego de cláusulas administrativas ou técnicas en vigor que poida determinar a posible revisión de prezos que se solicita pola empresa.

O xefe da Sección de Servizos informa con data 12.04.2022, en relación á prestación do servizo de mantemento de zonas verdes, que «El Servicio de Mantenimiento de las zonas ajardinadas del municipio de Cambre **se ha estado**

realizando desde el 1 de enero de 2000 sin la formalización de un contrato, por lo que por un lado, los técnicos municipales no contamos con mecanismos idóneos para controlar, ni la eficacia del servicio, ni la periodicidad, ni tampoco el cuadro de personal empleado por la empresa, al no contar con unas prescripciones técnicas vigentes y con una oferta empresarial que puedan obligar a un control riguroso del servicio.»

Ao respecto, ha de salientarse por esta Intervención, que o manifestado, en canto a que os técnicos municipais non contan con mecanismos idoneos para controlar nin a eficacia do servizo nin a preriodicidade nin o cadro de persoal empregado, ven sendo reiterado mensualmente no informe que se emite polo mesmo, con motivo da sinatura polo concelleiro competente das facturas emitidas pola empresa pola prestación do servizo de mantemento de zonas verdes.

A título de exemplo se transcribe o informado en distintos informes emitidos polo mesmo ao longo das anualidade 2017 a 2021 cuxa revisión de prezos se solicita:

▪ **Informe do xefe da Sección de Servizos de data á factura F/2017/1770 emitida por Orto Parques y Jardines S.L., polos servizos prestados no mes de marzo de 2017:** «(...) El Servicio de Mantenimiento de las zonas ajardinadas del municipio de Cambre se ha estado realizando desde el 1 de enero de 2000, en este ayuntamiento sin la formalización de un contrato, por lo que por un lado, los técnicos municipales no contamos con mecanismos idóneos para controlar, ni la eficacia del servicio, ni la periodicidad, ni tampoco el cuadro de personal empleado por la empresa, al no contar con unas prescripciones técnicas vigentes y con una oferta empresarial que puedan obligar a un control riguroso del servicio. Además la empresa prestadora, al no estar sujeta a un contrato suscrito, cada año emite facturas por diferentes importes, con base en parámetros que exceden del control de los técnicos municipales, y que dificulta la previsión de gasto anual.(...) »

▪ **Informe do xefe da Sección de Servizos de data á factura F/2018/1235 emitida por Orto Parques y Jardines S.L., polos servizos prestados no mes de febreiro de 2018:**«(...) Junto a la factura se incluye un libro de control en el que se expone un seguimiento del mantenimiento de los jardines y espacios verdes durante el mes correspondiente.

El Servicio de Mantenimiento de las zonas ajardinadas del municipio de Cambre se ha estado realizando desde el 1 de enero de 2000, en este ayuntamiento sin la formalización de un contrato, por lo que por un lado, los técnicos municipales no contamos con mecanismos idóneos para controlar, ni la eficacia del servicio, ni la periodicidad, ni tampoco el cuadro de personal empleado por la empresa, al no contar con unas prescripciones técnicas vigentes y con una oferta empresarial que puedan obligar a un control riguroso del servicio. Además la empresa prestadora, al no estar sujeta a un contrato suscrito, cada año emite facturas por diferentes importes, con base en parámetros que exceden del control de los técnicos municipales, y que dificulta la previsión de gasto anual (...) »

▪ **Informe do xefe da Sección de Servizos de data á factura F/2020/1370 emitida por Orto Parques y Jardines S.L., polos servizos prestados no mes de maio de 2020:** «(...)Junto a la factura se incluye un libro de control en el que se expone un seguimiento del mantenimiento de los jardines y espacios verdes durante el mes correspondiente.

El Servicio de Mantenimiento de las zonas ajardinadas del municipio de Cambre se ha estado realizando desde el 1 de enero de 2000, en este ayuntamiento sin la formalización de un contrato, por lo que por un lado, los técnicos municipales no contamos con mecanismos idóneos para controlar, ni la eficacia del servicio, ni la periodicidad, ni tampoco el cuadro de personal empleado por la empresa, al no contar con unas prescripciones técnicas vigentes y con una oferta empresarial que puedan obligar a un control riguroso del servicio. Además la empresa prestadora, al no estar sujeta a un contrato suscrito, cada año emite facturas por diferentes importes, con base en parámetros que exceden del control de los técnicos municipales, y que dificulta la previsión de gasto anual. (...)

El servicio fue prestado igualmente durante el estado de alarma decretado por el Gobierno de España.»

Polo tanto, non consta que se realice control por parte dos técnicos municipais dos servizos prestados pola empresa, no periodo para o cal se solicita a revisión de prezos con aplicación do IPC anual, de forma que se poida informar que o servizo se presta de forma periódica e continuada por Orto Parques y Jardines S.L. (actualmente Legamo Infraestructura Urbana, S.L. e anteriormente Viveiros de Orto, S.L.), nas condicións que estableza un Prego de cláusulas administrativas particulares ou un Prego de prescripcións técnicas.

Por outra parte, é importante suliñar outro paragrafo do informe do xefe da sección de Servizos de data 12.04.2022, en canto a prestación realizada do servizo, « **Durante estos años, se fueron dando de baja algunas zonas verdes y dando de alta otras nuevas, que se fueron incluyendo en las diversas prestaciones del servicio, lo cual supone una modificación tanto en el servicio como en el precio del contrato.**»

En referencia ao documento núm 4. Certificado boa execución Orto Parques y Jardines, S.L. 2015-2019, aportado pola empresa, tratase dun certificado no que se transcribe o contido integro dun informe emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, sen que a secretaria xeral subscriba o contido do mesmo, únicamente transcribe o informe de 11.05.2020, que está asinado por delegación do xefe da sección de Servizos, por atoparse a enxeñeira substituíndo ao xefe da Sección por encontrarse o mesmo en situación de incapacidade temporal nesas datas.

SEGUNDO: Modificación da normativa aplicable en canto a posibilidade de revisión de prezos aplicando o Índice de prezos ao consumo.

Con data 31/03/2015 publícase no BOE num. 77 a Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española, sendo desenvolta polo Real decreto 55/2017, de 3 de febreiro, (publicado no BOE nº 30 do 04/02/2017).

Cabe salientar que o propósito da Lei 2/2015 de desindexación da economía española, (tal e como indican Blanca Lozano Cutanda –catedrática de dereito administrativo-, e Irene Fernández Puyol-asociada senior da Área de Dereito Público de “Gómez Acebho & Pombo”, no seu artigo “Efectos de la Ley de desindexación en la contratación pública : el fin de la revisión de precios como derecho del contratista”, Diario “La Ley” nº 8554, Sección Tribuna, 4 de xuño de 2015, Ref. D-226, Edit. La Ley), é desactivar a indexación de índices de prezos ou en función de prezos das débedas expresadas en valores monetarios ou, dito doutro xeito, que os valores monetarios non sexan modificados en virtude de índices de prezos.

Este obxectivo convírtese en mandato imperativo cando está presente o sector público, substituíndo unha regulación “indexadora”, por unha regulación “desindexadora”.

Con carácter xeral a lei prohibe aplicar unha indexación periódica e predeterminada en función de prezos ou índices de prezos para a revisión de calquera valor monetario en cuia determinación interveña o sector público. Para a aplicación desta prohibición xeral é condición suficiente a participación dunha entidade pertencente ao sector público, con independencia de que o faga no marco dunha relación suxeita a dereito público ou a dereito privado, se ben cando concorra un negocio ou relación xurídica incluídos no ámbito de aplicación do TRLCSP, se aplicará o seu réxime específico de revisión de prezos, que a lei modifica.

Así pois, no ámbito da contratación pública, a lei non se limita a “desindexar” as revisións dos valores monetarios, senón que modifica de xeito substancial o propio sistema de revisión dos prezos dos contratos.

A Lei de desindexación ven a supoñer que a revisión de prezos dos contratos do sector público xa non pode entenderse, como se deducía ata agora do TRLCSP e afirmaba a doutrina e a xurisprudencia, como un dereito recoñecido ao contratista que a Administración só podía descoñecer cando así se tivese pactado, senón que, **a partir da entrada en vigor da Lei 2/2015, a non revisión de prezos dos contratos convírtese na regra, de tal xeito que se prohibe de xeito taxativo a revisión periódica non predeterminada ou non periódica dos prezos, e a revisión periódica soamente se permite previa xustificación no expediente e consonte se estableza no Real Decreto de desenvolvemento da lei.**

Tal e como se manifesta no Regulamento de desenvolvemento da Lei de desindexación da economía española: « La Ley 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación de la economía española, estableció un nuevo régimen de actualización de valores monetarios. La política de desindexación obedece a la necesidad de actuar contra los

perjuicios asociados al uso indiscriminado de la indexación, mecanismo que consiste en vincular la evolución de un valor monetario a la de un índice de precios.

La inflación elevada genera incentivos para la indexación que, a su vez, la agrava y favorece su persistencia. Además, cuando la indexación es en función de índices generales, crea «efectos de segunda ronda». En efecto, cuando el precio de un bien o servicio aumenta, los índices de precios agregados, como el Índice general de Precios de Consumo (IPC), se incrementan. Ello supone un aumento automático en el precio de otros bienes o servicios por el mero hecho de estar indexados a dicho índice, sin que este aumento esté justificado por un incremento de sus costes de producción. Finalmente, este aumento impactará una segunda vez en el IPC, formando una espiral inflacionista.

La indexación, por tanto, puede derivar en un sistema ineficiente de actualización de valores monetarios. Adicionalmente, la indexación favorece la inercia en la evolución de los precios, con el consiguiente perjuicio en la competitividad de la economía. En el caso de España, el amplio uso de los mecanismos de indexación ha alimentado tradicionalmente el diferencial de inflación con la zona euro, contribuyendo notablemente a la aparición de desequilibrios externos. (...)»

Nos supostos nos que resulta procedente a revisión de prezos, -seguemos transcribindo o artigo mencionado da revista “La Ley”-, esta xa non se configura como un dereito “ex lege” que ten lugar agás que a súa improcedencia se tivese previsto nos pregos ou pactado, senón que o órgano de contratación poderá establecer o dereito á revisión periódica e predeterminada de prezos e fixará a fórmula de revisión que deba aplicarse. Dito doutro xeito: **a falta de previsión expresa, o contratista non ten dereito á revisión de prezos.**

Ademáis, **a revisión dos prezos non poderá levarse a cabo mediante a aplicación de índices oficiais como o Índice de Prezos de Consumo.** De feito a Lei de desindexación suprime o artigo 90 do TRLCSP que a contemplaba.

A Lei 27/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española, contempla no seu articulado a seguinte regulación, en canto a revisión de prezos:

“Artículo 3. **Ámbito de aplicación.**

1. Lo dispuesto en esta Ley será de aplicación a:

a) Las revisiones de cualquier valor monetario en cuya determinación intervenga el sector público. A tales efectos, se entiende por sector público el conjunto de organismos y entidades enumeradas en el artículo 3.1 del Texto Refundido de la Ley de Contratos del Sector Público, aprobado por el Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre.

En todo caso, para la aplicación de lo dispuesto en esta Ley a las citadas revisiones de valores monetarios no será necesario que concurra un negocio o relación jurídica incluida en el ámbito de aplicación de dicho texto legal. (...)”

“Artículo 4. **Régimen aplicable a la revisión periódica y predeterminada de valores monetarios.**

1. Los valores monetarios referidos en el artículo 3.1.a) no podrán ser objeto de revisión periódica y predeterminada en función de precios, índices de precios o fórmulas que los contenga.

2. Excepcionalmente, se podrá aprobar un régimen de revisión periódica y predeterminada de los valores referidos en el apartado anterior siempre que sea en función de precios individuales e índices específicos de precios, cuando la naturaleza recurrente de los cambios en los costes de la actividad así lo requiera y se autorice en el desarrollo reglamentario previsto en el apartado siguiente. (...)”

“Artículo 5. **Régimen aplicable a la revisión periódica no predeterminada y a la revisión no periódica de valores monetarios.**

1. Los valores monetarios referidos en el artículo 3.1.a) podrán ser objeto de revisión periódica no predeterminada o de revisión no periódica siempre que se justifique en una memoria económica específica para este fin. El real decreto al que se refiere el artículo 4 establecerá el contenido mínimo de la memoria económica.

2. Esta revisión no podrá realizarse en función de índices de precios o fórmulas que los contengan. (...)”
“Artículo 6. Régimen aplicable a la revisión de precios y tarifas de los contratos a los que es de aplicación el Texto Refundido de la Ley de Contratos del Sector Público.

Las revisiones de los precios y tarifas de los contratos incluidos dentro del ámbito de aplicación del Texto Refundido de la Ley de Contratos del Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre, se regirán por lo dispuesto en el mismo.”

2. Asimismo, quedan derogados los siguientes preceptos:

a) Los artículos 90, 91 y 92 del Texto Refundido de la Ley de Contratos del Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre.”

Así mesmo, a Disposición final terceira da Lei 2/2015 de desindexación, outorga unha nova redacción ao artigo 89 do RDL 3/2011, do seguinte xeito:

«Artículo 89. Procedencia y límites.

1. Los precios de los contratos del sector público solo podrán ser objeto de revisión periódica y determinada en los términos establecidos en este Capítulo.

No cabrá la revisión periódica no determinada o no periódica de los precios de los contratos.

Se entenderá por precio cualquier retribución o contraprestación económica del contrato, bien sean abonadas por la Administración o por los usuarios.

